


Agora podes realizar todos os trámites do Sistema Especial para Empregados de Fogar sen desprazarte a unha administración

A Tesourería Xeral da Seguridade Social (TXSS) facilítache:

- Servizos electrónicos intuitivos e fáciles de utilizar, para unha xestión áxil e sinxela
- Dispoñibles as 24 horas ao día, os 365 días do ano
- Seguridade e inmediatez nas comunicacións

Máis información:

<https://sede.seg-social.gob.es>

 901 502 050

 @Info_TGSS



Sistema Especial para
Empregados de Fogar

Servizos electrónicos

NIPO: 275-17-012-8



GOBIERNO DE ESPAÑA

MINISTERIO DE EMPLEO Y SEGURIDAD SOCIAL

SECRETARÍA DE ESTADO DE LA SEGURIDAD SOCIAL



TESORERÍA GENERAL DE LA SEGURIDAD SOCIAL

Servizos

Alta no Sistema Especial para Empregados de Fogar

A través deste servizo formalízase a alta do empregado no Sistema Especial para Empregados de Fogar. É necesario informar dos datos relativos ao empregador, ao empregado de fogar e á relación laboral. A alta do empregado débese tramitar antes do inicio da actividade laboral, cunha antelación máxima de 60 días.

Baixa no Sistema Especial para Empregados de Fogar

Neste servizo formalízase a baixa do empregado no Sistema Especial para Empregados de Fogar, comunicando a finalización da relación laboral. A baixa débese tramitar dentro do prazo dos 3 días naturais seguintes á data de finalización da relación laboral.

Variación de datos no Sistema Especial para Empregados de Fogar

Mediante este servizo é posible modificar a información da relación laboral xa comunicada se se producen variacións do tipo de contrato, retribución, horas de traballo etc.

Eliminación de altas/baixas previas de traballadores no Sistema Especial para Empregados de Fogar

Este servizo adicional permite anular as altas e as baixas previas, nos supostos nos que o empregado finalmente non inicie a actividade ou vaia concluír a relación laboral con posterioridade ao previsto inicialmente. Só se pode realizar a eliminación das altas ou baixas comunicadas antes do inicio ou finalización da relación laboral.

Como se accede?

Os servizos están dispoñibles na **Sede electrónica da Seguridade Social** (<https://sede.seg-social.gob.es>), nas rutas:

- Inicio > Cidadáns > Afiliación e Inscripción
- Inicio > Empresas > Afiliación e Inscripción

Pódese acceder cun **certificado dixital** admitido pola Seguridade Social ou con **usuario + contrasinal** do sistema **Cl@ve Permanente** (clave.gob.es).

Os autorizados RED poden acceder a estes servizos tamén a través do **Sistema RED** da TXSS, sempre que teñan asignado o número de afiliación (NAF) do empregador ou o CCC correspondente ao Sistema Especial para Empregados de Fogar.

Quen pode utilizarlos?

Empregadores que desexen contratar ou xa teñan contratado a un traballador que preste servizos retribuídos no ámbito do fogar familiar. O empregador é o responsable dos trámites de afiliación e cotización á Seguridade Social.

Empregados do fogar que traballen menos de 60 horas ao mes por empregador, e sempre que acordasen que o empregado debe tramitar os actos de afiliación á Seguridade Social. Neste caso, o empregado asume tamén a responsabilidade no ingreso das cotas.

Requisitos imprescindibles

Para poder utilizar os servizos do Sistema Especial de Empregados de Fogar é necesario dispoñer de:

Código de Conta de Cotización (CCC) do empregador. O CCC é o número que proporciona a TXSS para poder dar de alta a un empregado. Pódese solicitar na Sede Electrónica, no servizo *Inscripción e asignación de CCC para empresario individual*, seguindo a ruta:

- Inicio > Empresas > Afiliación e Inscripción

Número de Seguridade Social (NUSS) do traballador. É o número que a TXSS lle outorga a cada cidadán a primeira vez que inicia unha actividade laboral. Pódese obter na Sede Electrónica, no servizo *Asignación de número de Seguridade Social*, seguindo a ruta:

- Inicio > Cidadáns > Afiliación e Inscripción

O CCC e o NUSS solicítanse en todas as altas e as baixas, independentemente de que as tramite o empregador ou o traballador.